

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Planeamento e Xestión do Solo

*Anuncio da aprobación do cambio de uso na parcela sita no lugar Castaño de Eirís, 1(D), titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, para a construción dunha residencia de maiores (Expediente 631/2020/74)*

##### ANUNCIO

O Pleno municipal, na sesión que tivo lugar o 14 de maio de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“**Primeiro.-** Cambiar o uso de equipamento docente de titularidade privada “ED (Pv)” previsto no documento do Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello da Coruña para a parcela sita no Lugar Castaño de Eirís, 1D, coa referencia catastral 9291703NJ4999S0001JD, titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, polo uso de benestar social e asistencial público “AS (Pb)”, reflectido no plano de ordenación que se xunta a este acordo.

**Segundo.-** Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia, remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia e publicalo no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Notificar o acordo ás Áreas e Departamentos municipais interesados na súa aplicación”.

O acordo de aprobación do cambio de uso publicouse no Diario Oficial de Galicia número 105 do 1 de xuño de 2020 e foi inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico o 11 de setembro de 2020.

O contido íntegro do cambio de uso aprobado, pódese consultar na web municipal: <https://www.coruna.gal/urbanismo>, no apartado “Planeamento/Planeamento vixente/MPX e cambios de uso do PXOM 2013” ou ben, dende a mesma web, a través do visor “Desenvolvemento do Planeamento”.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo o artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigo 201.1 do regulamento que a desenvolve, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro), no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito.

A Coruña, 15 de setembro de 2020

A alcaldesa

PD. (Decreto 3847/2019, do 27.06.2019)

Juan Manuel Díaz Villoslada

Concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade

2020/6460